

Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019. Metodoloxía

1. Obxectivos

A demanda de información económica cun maior nivel de desagregación territorial, e en concreto por concello, ten medrado de xeito significativo nos últimos anos. A ausencia de información económica agregada, comparable e coherente co Sistema de Contas Económicas de Galicia era unha das eivas da produción estatística do Instituto Galego de Estatística.

O obxectivo desta operación é a obtención de estimacións municipais e comarcais do Produto Interior Bruto (PIB) ademais de achegar información da estrutura produtiva das comarcas e dos concellos de maior tamaño. Para acadar estes fins utilízase un amplo e variado conxunto de información estatística de base que gardan coherencia coa información macroeconómica que o Instituto Galego de Estatística (IGE) difunde para a Comunidade autónoma.

O propósito desta operación é converterse nun recurso para a fase de diagnose das distintas políticas públicas nas que o territorio sexa o eixo estratéxico, e para o seguimento das mesmas, xa que achegará o nivel de actividade económica en cada un dos concellos galegos ademais dunha descrición da estrutura produtiva de cada unha das 53 comarcas galegas.

Esta operación supón un avance na produción estatística do IGE de cara ao cumprimento do principal obxectivo das operacións que forman parte do sistema de contas económicas de Galicia: ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega.

A "Revisión Estatística 2019" (RE19) é unha revisión extraordinaria regular das contas económicas realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información, mellora nos procedementos internos de estimación e homoxeneización

de criterios de estimación de determinadas variables. En decembro de 2019¹ publicáronse as primeiras operacións do Sistema de Contas Económicas de Galicia e o "Produto Interior Bruto Municipal. Revisión Estatística 2019" garda coherencia coas devanditas publicacións e substitúe á anterior publicación en Base 2010.

2. Ámbito de investigación

Ámbito xeográfico

Está formado polos 314 concellos² e as 53 comarcas de Galicia. A economía de cada concello está formada por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese económico predominante no territorio económico do concello, que asimilaremos ao territorio xeográfico³. Un centro de interese económico predominante indica que desde o territorio económico existe un lugar desde o que se realizan actividades económicas (SEC-2010 2.07 e seguintes).

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base e dos resultados é o ano natural.

3. Definicións

Produto Interior Bruto (PIB)

O PIB é un indicador da actividade total nun territorio económico. Hai tres formas de medir o PIB a prezos de mercado:

- O enfoque da produción, ou oferta: o PIB será a suma de todos os valores engadidos de todas as actividades de produción de bens e servizos, máis os

¹ No seguinte enlace pode consultarse unha nota explicativa dos principais cambios derivados da Revisión Estatística 2019:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Nota_Revision_Estatistica_2019_gl.pdf

² Esta operación achega información estatística para 314 no ano 2016, e para 313 no ano 2018, no que xa se considera o concello Cerdedo-Cotobade tras a fusión.

³ O territorio económico está definido no SEC-2010 (2.05) e está constituído esencialmente polo territorio xeográfico, aínda que non coincide exactamente con este.

impostos sobre os produtos menos as subvencións sobre os produtos. Este é o enfoque que se segue nesta operación estatística.

- O enfoque do gasto, ou de demanda: o PIB é a suma de todos os gastos finais destinados ao consumo, investimento, máis as exportacións menos importacións de bens e servizos.
- O enfoque da renda: o PIB é o total de todas as rendas obtidas no proceso de produción de bens e servizos, máis os impostos sobre a produción e as importacións menos as subvencións.

O valor engadido pode desagregarse por rama de actividade, e este enfoque será o seguido na elaboración do PIB municipal.

Rama de actividade

Unha rama de actividade está formada por un grupo de unidades de actividade económica local que se dedican a unha actividade económica idéntica ou similar. A clasificación utilizada para agrupar as unidades por rama de actividade é a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-09), que é a versión española da NACE Rev.2.

Impostos netos sobre os produtos

Son parte do PIB pola vía da oferta (ou enfoque de produción). Son o resultado de sumar os impostos sobre os produtos (SEC-2010, 4.16 e seguintes) menos as subvencións aos produtos (SEC-2010, 4.33 e seguintes).

Os impostos sobre os produtos son impostos a pagar por cada unidade dun determinado ben ou servizo producido ou negociado. Destacan o Imposto sobre o valor engadido (IVE), os impostos especiais sobre determinados consumos, o imposto municipal de construción e obras, o imposto sobre a matriculación de vehículos ou os impostos sobre a importación.

As subvencións sobre os produtos recíbense por unidade dun ben ou servizo producido ou importado.

4. Aspectos metodolóxicos

O punto de partida para as estimacións do PIB municipal é a información dispoñible nas Contas Económicas Anuais, nas que se estiman as contas de produción e explotación para 72 ramas de actividade. Para cada unha delas desagregouse o valor engadido bruto (VEB) por concello utilizando diversos métodos de estimación en función das distintas fontes estatísticas dispoñibles.

Porén, a salvagarda do segredo estatístico é a principal causa de que non sexa viable a difusión do PIB municipal coa mesma desagregación que o dato autonómico. A calidade das fontes estatísticas de base tamén xogan un papel relevante nestas limitacións. Así, só para os concellos de máis de 10.000 habitantes se publica unha difusión do PIB a catro grandes sectores : primario (que inclúe a agricultura, gandería, silvicultura, pesca e acuicultura), enerxía e industria, construción e servizos. As comarcas permiten unha desagregación máis ampla e publícase información de 12 ramas de actividade, excepto en determinadas agregacións de actividade que, para garantir o segredo estatístico, censúranse determinados datos. En todo caso, a desagregación mínima ofrecida no caso das comarcas é de 9 agrupacións de actividade.

Na publicación inclúense datos de produto interior bruto por habitante. A poboación utilizada como denominador é a poboación a 1 de xullo de cada ano, estimada, para períodos anteriores a 2020, como promedio da poboación en Galicia a 1 de xaneiro do *ano t* e a 1 de xaneiro do *ano t+1*, a partir das "*Cifras poboacionais de referencia*" que elabora o IGE. O dato da poboación a 1 de xullo de 2020 está difundido na mencionada estatística.

4.1. Métodos de rexionalización

O SEC-2010 introduce no capítulo sobre as contas rexionais os métodos de rexionalización das contas a escala nacional. Na estimación do VEB municipal, utilizáronse estes métodos, tendo en conta que se parte dos agregados para a economía de Galicia publicados nas Contas Económicas Anuais e búscase obter determinados agregados para espazos económicos máis reducidos (concellos e

comarcas). A adaptación á estimación dos agregados municipais dos métodos de rexionalización que propón o SEC (SEC-2010; 13.24) sería a seguinte:

- a) Métodos ascendentes. Para unha determinada rama de actividade, este método supón utilizar a información das unidades residentes no concello e ir agregando a mesma ata estimar o VEB xerado no concello.
- b) Métodos descendentes. Este método implica distribuír por concello a cifra do VEB estimado para Galicia nunha rama de actividade utilizando un indicador de reparto por concello que reflecta o máis exactamente posible o VEB xerado.
- c) Métodos mixtos. O método descendente non se presenta, polo xeral, en estado puro, polo que debe considerarse tamén a posibilidade de utilizar métodos mixtos, nos que se combinan métodos ascendentes cos descendentes.

A información dispoñible para cada rama de actividade determinará en última instancia a utilización dun ou doutro método, sempre dando prioridade ao método ascendente, que denominamos "procedemento xeral" no apartado seguinte.

A continuación detállanse as fontes de información e o procedemento de estimación utilizado en cada rama de actividade para determinar o VEB e o PIB nos concellos galegos. Hai que ter en conta que o PIB definido desde a óptica da oferta é igual á suma do VEB xerado nas distintas ramas de actividade máis os impostos netos sobre os produtos.

4.2. Procedemento xeral

O procedemento xeral para obter estimacións por municipio nas diferentes ramas de actividade busca construír o valor engadido total en cada municipio como suma das unidades locais (establecementos produtivos) presentes nese termo municipal (método ascendente).

Fontes de información

Estadística estrutural de empresas. Esta estatística elaborada polo INE orienta o dato primario ás unidades informantes, adaptando as principais variables do cuestionario aos criterios e normas do Plan Xeral de Contabilidade e utilizando diferentes modelos de cuestionarios en función do tamaño da empresa.

A unidade básica da enquisa é a empresa⁴ que asume ao mesmo tempo o papel de unidade informante e de unidade de observación, é dicir, aquela á que se refiren os datos solicitados no cuestionario. Porén, os obxectivos da enquisa precisan obter información para os establecementos⁵, no caso do sector industrial, ou para a actividade da empresa na comunidade autónoma, no caso do sector servizos.

A información recollida nesta estatística permite estimar distintos agregados macroeconómicos (como a produción, consumos intermedios, emprego...) en termos de contas económicas, a partir dos datos contables das empresas (ingresos e gastos de explotación, fundamentalmente). Ademais, proporciona datos de localización por concello, tanto da sede social da empresa como dos seus establecementos no caso do sector industrial.

No sector servizos, esta estatística achega datos agregados por comunidade autónoma, é dicir, aquelas empresas con máis dun establecemento en Galicia estarán agregadas nun único rexistro e será necesario combinar esta fonte co Directorio de empresas e unidades locais do IGE.

Cómpre destacar que partimos dos datos desta estatística elaborada polo INE xa depurados nos traballos de estimación dos distintos agregados das contas anuais. Esta depuración inclúe cambios na actividade principal da empresa ou supresión de unidades de non mercado incluídas na mostra.

Estatística minera. Esta estatística, elaborada polo *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*, proporciona información por explotación mineira da súa localización, do valor da produción e dos custos de produción. O que permite calcular o valor engadido bruto xerado en cada explotación mineira. A dispoñibilidade dos microdatos desta estatística supón unha novidade en canto as fontes de información utilizadas, xa que en edicións anteriores só se dispoñía da información publicada polo ministerio e que descende ata o nivel provincial.

⁴ A empresa é toda unidade xurídica que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos, e que ten certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes dos que dispón. A empresa pode exercer unha ou máis actividades nun ou varios lugares.

⁵ É toda empresa ou parte dela, situada nun lugar xeograficamente delimitado (taller, fábrica...), no que se realizan actividades económicas ás que dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha mesma empresa.

Base de datos de información depositada por las empresas nos rexistros mercantís de Galicia. A partir da información da conta de perdas e ganancias das empresas podemos calcular o valor engadido como diferenza entre produción e consumos intermedios, ambos conceptos definidos polo SEC-2010.

A produción recolle fundamentalmente a facturación da empresa debida a súa actividade principal (a través da variable contable "Importe neto da cifra de negocios") pero tamén outros ingresos derivados de actividades accesorias ("Ingresos accesorios e outros de xestión corrente") ou ingresos imputados como aqueles derivados de actividades que redundan nun maior valor do activo da empresa ("Traballos realizados pola empresa para o seu activo"). Os consumos intermedios recollen os bens e servizos utilizados no proceso produtivo que, contablemente, se materializa en "Aprovisionamentos" e "Servizos exteriores", fundamentalmente.

Extracto do modelo de conta de perdas e ganancias

CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS		
A)	OPERACIONES CONTINUADAS	40 999
2	1. Importe neto de la cifra de negocios	40 100
3	a) Ventas	40 110
3	b) Prestaciones de servicios	40 120
3	c) Ingresos de carácter financiero de las sociedades holding	40 130
2	2. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación	40 200
2	3. Trabajos realizados por la empresa para su activo	40 300
2	4. Aprovisionamientos	40 400
3	a) Consumo de mercaderías	40 410
3	b) Consumo de materias primas y otras materias consumibles	40 420
3	c) Trabajos realizados por otras empresas	40 430
3	d) Deterioro de mercaderías, materias primas y otros aprovisionamientos	40 440
2	5. Otros ingresos de explotación	40 500
3	a) Ingresos accesorios y otros de gestión corriente	40 510
3	b) Subvenciones de explotación incorporadas al resultado del ejercicio	40 520
2	6. Gastos de personal	40 600
3	a) Sueldos, salarios y asimilados	40 610
3	b) Cargas sociales	40 620
3	c) Provisiones	40 630
2	7. Otros gastos de explotación	40 700
3	a) Servicios exteriores	40 710
3	b) Tributos	40 720
3	c) Pérdidas, deterioro y variación de provisiones por operaciones comerciales	40 730
3	d) Otros gastos de gestión corriente	40 740
3	e) Gastos por emisión de gases de efecto invernadero	40 750



Esquema de cálculo de produción e consumos intermedios a partir da información contable:

PRODUCCIÓN:

- (+) 40100 Importe neto da cifra de negocios
- (-) 40130 Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding
- (+) 40200 Variación de existencias de produtos rematados e en curso
- (+) 40300 Traballos realizados pola empresa para o seu activo
- (-) 40410 Consumo de mercadorías
- (+) 40510 Ingresos accesorios e outros de xestión corrente

CONSUMOS INTERMEDIOS:

- (+) 40400 Aprovisionamentos
- (-) 40410 Consumo de mercadorías
- (-) 40440 Deterioro de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos
- (+) 40710 Servizos exteriores (*)

(*) Non deben considerarse como consumo intermedio os gastos en I+D incluídos nos Servizos Exteriores

A dificultade a hora de explotar esta fonte de información radica en discriminar se a actividade da empresa se pode imputar en exclusiva a Galicia (e aos seus concellos) ou se pola contra a empresa tamén exerce actividade fóra de Galicia. O cruce do emprego da empresa que figura nesta base de datos cos datos de emprego do Directorio de empresas e unidades locais do IGE foi a clave utilizada para inferir se a empresa tiña ou non toda a súa actividade en Galicia.

A incorporación desta fonte de información tamén supón unha novidade respecto a edicións anteriores do Produto Interior Bruto Municipal.

Directorio de empresas e unidades locais. O IGE elabora anualmente un directorio de empresas con datos de identificación, localización, número de asalariados e actividade principal e, se procede, actividade o actividades secundarias. O directorio confecciónase fundamentalmente a partir de fontes administrativas: contas de cotización da Seguridade Social, Imposto de Actividades Económicas, Rexistro Mercantil, etc, ademais de utilizar toda a información dispoñible procedente de enquisas como elementos de depuración e contraste.

Por outro lado, o directorio de unidades locais ou establecementos proporciona datos de emprego, de actividade e localización dos mesmos.

Procedemento de estimación

Como comentamos no apartado anterior, pódese asignar directamente a cada concello o valor engadido xerado polas empresas representadas na mostra da *Estadística estrutural de empresas*, das explotacións recollidas na *Estadística Minera* e das empresas que depositan contas nos rexistros mercantís de Galicia. Para realizar este proceso realízase un cruce desta información coa dispoñible no directorio do IGE e contrástase a información de localización dos establecementos produtivos.

Derivado desta información calcularemos a produtividade⁶ por rama de actividade e estrato en Galicia, precisa para realizar imputacións naqueles establecementos para os que só coñecemos o seu emprego.

Posteriormente, faise unha explotación do directorio de unidades locais ou establecementos, definindo o emprego por rama de actividade, concello e estrato

⁶ Cociente entre o valor engadido e o número de empregados

das empresas non recollidas nas fontes de información anteriores, e que figuran no directorio por ter actividade en Galicia. Este volume de emprego presente en cada rama de actividade do directorio será o punto de partida para estimar o valor engadido total xerado por cada establecemento das empresas das que non dispomos de información directa e que consistirá en elevar o emprego de cada establecemento pola produtividade media da rama e estrato en Galicia obtido a partir das fontes con información directa.

O VEB total estimado por este procedemento difire do estimado nas Contas Económicas Anuais, variando a cobertura por ramas de actividade (sendo máis ampla na industria que nos servizos). Por último, a distribución territorial derivada deste método aplícase ao VEB total estimado nas Contas Económicas Anuais conciliando así os resultados destas dúas operacións estatísticas. É dicir, o procedemento xeral ofrece un contraste da calidade das contas anuais.

Na seguinte táboa recóllese a porcentaxe de uso deste procedemento xeral na estimación do produto interior bruto municipal por sectores de actividade.

Táboa 1 Porcentaxe de uso do procedemento xeral por sector económico

Sectores de actividade	% uso procedemento xeral ano 2016	% uso procedemento xeral ano 2018	% uso procedemento xeral ano 2020
PRIMARIO	0	0	0
ENERXÍA E INDUSTRIA	78	75	82
CONSTRUCCIÓN	0	0	0
SERVIZOS	54	55	51
IMPOSTOS NETOS SOBRE OS PRODUTOS	0	0	0
PIB	47	47	45

E indica que é o procedemento utilizado na maior parte das ramas de actividade da industria e dos servizos de mercado.

4.3. Criterios de estimación rama a rama

4.3.1. Agricultura, ganadería, caza e servizos relacionados con elas

A fonte principal para a estimación desta rama nas Contas Económicas Anuais é a "Renta Agraria Regional", operación estatística que elabora o *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*. As compoñentes da produción definidas nesta fonte serán obxecto de desagregación municipal en función da información dispoñible. Nótese que utilizamos unha desagregación da produción para distribuír o valor engadido xerado, xa que as fontes dispoñibles e a propia natureza das explotacións (frecuentemente non especializadas nun único grupo de produtos) dificultan a estimación de valor engadido por tipo de produtos.

Na parte da produción vexetal, para calcular a distribución municipal de cada bloque dáselle prioridade á información municipal anual, pero en ausencia desta utilízase información comarcal. Para distribuír un dato comarcal entre os concellos que o forman utilízase a información do Censo agrario de 2009.

Por exemplo, a estimación do valor engadido derivado dos "Cereais" comeza estimando este bloque en función do peso deste produto na produción total da fonte "Renta Agraria Regional". Para municipalizar este dato traballamos en dúas fases:

- Obtención de datos comarcais: utilizamos as hectáreas dedicadas na comarca ao cultivo de "Cereal gran" e "Leguminosas gran", difundida na web do IGE e elaborada pola Consellería do Medio Rural.
- Obtención de datos municipais: cada estimación comarcal distribúese por concello en función da superficie de "Cultivos herbáceos" do Censo Agrario 2009.

O seguinte cadro resúmese o proceso seguido para municipalizar o valor engadido nas producións de carácter vexetal:

Táboa 2 Proceso de municipalización do valor engadido da produción vexetal.

Produto	Obtención de datos comarcais	Obtención de datos municipais
Cereais	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Cereal gran Leguminosas gran	Datos municipais a partir de "Cultivos herbáceos" en Censo 2009
Plantas industriais	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Cereal gran Leguminosas gran	Datos municipais a partir de "Cultivos herbáceos" en Censo 2009
Plantas forraxeiras	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Cultivos forraxeiros	Datos municipais a partir de "Cultivos herbáceos" en Censo 2009
Hortalizas	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Hortícolas e froitos de horta	Datos municipais a partir de "Cultivos herbáceos" en Censo 2009
Pataca	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Tubérculos	Datos municipais a partir de "Cultivos herbáceos" en Censo 2009
Froitas	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Froiteiras	Datos municipais a partir de "Frutais" en Censo 2009
Viño e mosto	"Distribución dos principais grupos de cultivo": usamos Viñado	Datos municipais a partir de "Viñado" en Censo 2009
Aceite de oliva (*)		Explotación estatística AEAT: Rendementos de actividades económicas en estimación obxectiva agraria
Outras (*)		

Os produtos "Aceite de oliva" e "Outras" teñen un peso moi reducido no total da produción vexetal en Galicia. Optamos por municipalizar estas categorías coa estrutura dos "Rendementos de actividades económicas en estimación obxectiva agraria" por concello. Esta información é subministrada ao IGE pola *Agencia Estatal de Administración Tributaria* (AEAT).

No caso da produción animal tamén se lle da prioridade á información municipal, neste caso máis abundante que no caso da produción vexetal. Porén non hai información comarcal e nalgún caso teremos que buscar información provincial para actualizar estruturas que proveñen do censo.

No caso da produción de carne de bovino e de leite utilízase a información de "Efectivos e explotacións de gando bovino. Información ata o nivel de desagregación municipal" que difunde o IGE na súa web⁷. No caso da carne de bovino utilízase para realizar as desagregacións municipais as "Vacas de non muxidura" e "Outros bovinos", mentres para o leite utilizamos as "Vacas de muxidura".

⁷ Ver http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0301005

No que respecta ao porcino, partimos dunha estrutura do Censo Agrario de 2009 que imos actualizando con información provincial cos datos "Efectivo de gando porcino por tipoloxías"⁸. Esta información transfórmase en "Unidades gandeiras", seguindo o indicado no Censo Agrario, que aplica un coeficiente a cada especie e tipo.

No caso das aves e ovos, partimos das unidades gandeiras do Censo 2009 e actualizamos con datos provinciais. Para actualizar datos das aves, utilizaremos toneladas de carne de ave provincial e no caso dos ovos utilizamos a produción en "miles de dúcias de ovos" provincial. Ambas informacións están recollidas en "Principais producións gandeiras" na web do IGE⁹.

Nas categorías cuantitativamente menos relevantes da desagregación de produción animal (equino, ovino, caprino) utilízase unha estrutura fixa do Censo Agrario de 2009. Nestes tipos de produción non existe información anual para actualizar as ditas estruturas.

4.3.2 Silvicultura

Para a obtención do indicador de reparto municipal do VEB do sector, utilízase a información municipal dos aproveitamentos madeireiros en montes e ou terreos forestais de xestión pública e privada. Esta información foi subministrada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a partir da información xerada nos seus rexistros administrativos. Esta información é coherente coa difundida por este organismo no "Anuario de Estatística Forestal".

Entendemos que o volume de cortas de madeira por concello é o mellor indicador da actividade da rama da silvicultura en cada un dos concellos galegos.

4.3.3. Pesca e acuicultura

Pesca extractiva

⁸ Ver <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=416&paxina=001&c=0301003>

⁹ <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=419&paxina=001&c=0301003>

Na rama da pesca extractiva estímase o VEB municipal en tres bloques, ao igual que ocorre na estimación das Contas Económicas anuais, e en cada un deles utilízase un indicador municipal diferente. Os tres bloques son:

- Pesca fresca
- Pesca conxelada (que identificamos co Caladoiro internacional)
- Marisqueo a pé

Para a estimación do VEB da pesca fresca utilizamos o valor das vendas en lonxa dos buques con porto base en Galicia, agregadas por porto base do buque. Esta información procede da Consellería do Mar e envíaa ao IGE previa petición. No IGE asignamos o concello a partir do porto.

Para a pesca conxelada non podemos empregar estes datos xa que a pesca conxelada non ten obriga de ser vendida en lonxa (segundo a normativa vixente¹⁰, deben venderse en lonxa os produtos pesqueiros vivos, frescos e refrixerados, pero non así, por exemplo, os produtos conxelados ou ultraconxelados a bordo). Para asignar municipalmente o valor desta pesca recorreremos a un indicador indirecto composto por tres variables: eslora, arqueo e potencia dos buques que teñen esta actividade. Esta información está dispoñible no "Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia", e a empregada para 2018 é a do rexistro con data 01/01/2019. Esta información procede da Consellería do Mar.

Para o marisqueo a pé utilizamos a información das vendas en lonxa dos mariscadores a pé agrupado por confraría á cal pertence o mariscador. A partir da confraría asignamos concello.

Acuicultura

No que se refire á acuicultura a información tamén procede, fundamentalmente, da Consellería. Para estimar municipalmente esta rama establecemos tres bloques:

- Mexillón: utilízase a información da Consellería relativa á produción por distritos¹¹ en unidades monetarias. No caso de que algún distrito abarque

¹⁰ *Real Decreto 418/2015, de 29 de mayo, por el que se regula la primera venta de los productos pesqueros*

¹¹ A Consellería desagrega a produción en 3 provincias marítimas (A Coruña, Vilagarcía e Vigo) e 15 distritos.

máis dun concello, distribúese entre eles en función da estimación do número de bateas, información do Consello Regulador do Mexillón.

- Resto de acuicultura mariña: a información provén dunha explotación estatística realizada pola Consellería na que se distinguen datos de cantidade e valor por especie e concello no que se empraza o establecemento acuícola.
- Acuicultura continental: o cruce dos datos de produción por especie cos de localización dos establecementos que a producen permite obter un indicador para o reparto territorial da produción co que posteriormente distribuír o valor engadido xerado pola acuicultura continental.

4.3.4. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

A estimación municipal desta rama de actividade realízase en tres bloques: xeración de enerxía eléctrica, distribución-comercialización de enerxía eléctrica e, un terceiro bloque que inclúe a subrama do gas (regasificación, distribución, transporte e comercialización).

- Xeración de electricidade: O VEB municipal estímase a partir da información da xeración de enerxía eléctrica por central subministrada polo Instituto de Enerxía de Galicia (INEGA) para a elaboración desta operación estatística. Proporciona datos da xeración de electricidade por central eléctrica e fonte de enerxía (hidráulica, eólica, térmica, solar). No IGE codificamos cada central en función do concello no que se empraze. Este traballo é relevante nas centrais de enerxía eólica, nos que habitualmente o parque eólico está emprazando en varios concellos ao mesmo tempo. Para esta codificación utilizamos a información do INEGA contida nas listaxes de centrais publicadas na súa web¹².
- Distribución-comercialización de enerxía eléctrica: neste bloque distínguense dous sub-bloques en función de quen consume: fogares ou actividades produtivas, é dicir, distínguense entre o gasto en consumo final de electricidade e os consumos intermedios das distintas ramas de actividade. A valoración dos bloques realízase en función dos datos difundidos no Marco Input-Output. Para as desagregacións municipais utilizamos:
 - Electricidade consumida nos fogares: poboación dos concellos.

¹² Ver <http://www.inega.gal/enerxiagalicia/listaxecentraais.html>

- Electricidade consumida como consumo intermedio: no Marco Input-Output coñecemos o consumo de electricidade por rama de actividade e aplicamos a estrutura territorial de cada rama de actividade que obtemos nesta operación estatística.
- Resto da rama: fundamentalmente inclúe a subrama do gas, na que se distinguen tres sub-bloques: o consumo de gas nos fogares, o consumo de gas como consumo intermedio e a actividade da única regasificadora de Galicia. A actividade desta asígnase ao concello na que está emprazada e para distribuír por concellos o resto de actividade utilizamos un procedemento idéntico ao utilizado na parte de distribución-comercialización de enerxía eléctrica.

4.3.5. Construción

O sector da construción pódese dividir en 3 subsectores, que constitúen o nivel de traballo nas Contas Económicas Anuais, e para os que se dispón o seu peso no conxunto do sector: edificación residencial (CNAE 411), edificación non residencial (CNAE412) e obra civil (CNAE42). No que respecta as actividades de construción especializada (demolición e preparación de terreos, instalacións eléctricas e de fontanería, acabamento de edificios, etc.), clasificadas na CNAE 43, inclúense nos anteriores bloques atendendo ao peso destes no total do sector. Unha vez estimada a subsectorización da rama de actividade estímanse os datos por concello do seguinte xeito:

a) Edificación residencial

Dentro da edificación residencial partimos de dúas estimacións. Por un lado o VEB xerado pola edificación de vivendas e por outro as actividades de construción especializada vinculadas á vivenda.

No primeiro caso, para o reparto municipal, utilizamos a información de superficie construída recollida nas licencias de obra maior que concederon os Concellos nos tres últimos anos (ano de referencia do PIB municipal "t", e anos "t-1" e "t-2"). Con este intervalo de tempo, preténdese recoller a periodificación da actividade da construción de vivendas, isto é, o prazo de tempo que transcorre entre a licenza de obra e o remate da mesma.

Dada a diferenza dos prezos da vivenda nos distintos concellos, constrúese un índice de prezos da vivenda por concello co obxectivo de ter en conta esa variabilidade de prezos na estimación do VEB. Para iso, pártese da información publicada polo *Ministerio de Fomento* sobre os prezos da vivenda libre dos municipios maiores de 25.000 habitantes. Para Galicia recóllese o prezo por m² da vivenda libre en 16 concellos. Partindo deses datos, constrúese un índice para o resto dos concellos mediante un modelo que relaciona o prezo por m² da vivenda no concello co prezo por m² da vivenda na provincia, a poboación total do concello e a renda bruta dispoñible dos fogares por habitante¹³ no concello.

Para o reparto municipal das actividades de construción especializada utilizamos a información do directorio de empresas e unidades locais, no que se refire á localización e número de traballadores remunerados. Aplicando produtividades por traballador estimadas nas contas anuais, obtemos unha estimación do VEB municipal destas actividades tendo en conta o emprazamento da empresa. Cómpre sinalar que, no caso da construción, un establecemento é o lugar onde se realiza a obra e pode ocorrer que estea localizada noutro municipio distinto de onde a empresa ten a súa sede social. Ao mesmo tempo, moitos destes traballos non están vinculados á rehabilitación ou construción de novas vivendas, polo que no caso de determinadas actividades (fontanería, pintura, electricidade) supoñemos que a maior parte da súa actividade a realizan no seu concello de residencia. Con estes criterios repartimos o VEB xerado por estas actividades por concellos, ponderando un 80% a localización da empresa e un 20% a localización da vivenda en base ás licencias concedidas.

b) Edificación non residencial

O método seguido é similar ao utilizado na edificación residencial. Neste caso, utilízase a superficie en m² obtida das licencias concedidas polos concellos para a construción de edificios non residenciais. A distribución por concellos corríxese co mesmo índice que no apartado anterior, co obxectivo de ter en conta a disparidade de prezos. Finalmente, para a estimación dos traballos específicos vinculados a esta edificación por concello, utilízase a información do directorio de empresas e unidades locais.

¹³ A renda por habitante obtense da publicación "Renda dos fogares municipal. Revisión Estatística 2019".

c) Enxeñaría civil

Esta actividade comprende a construción de grandes obras como autoestradas, estradas, rúas, pontes, túneles, liñas férreas, aeroportos, portos e outras obras hidráulicas, sistemas de rega e de sumidoiros, instalacións industriais, oleodutos, gasodutos e liñas eléctricas, instalacións deportivas ao aire libre, etc. Dada a dificultade que existe para territorializar esta actividade, en especial cando se trata de grandes infraestruturas (estradas, liñas férreas...) e posto que o valor engadido xerado por estas obras non se traduce necesariamente en rendas do traballo e capital percibidas polos residentes, optouse por repartir o valor engadido xerado nestas obras entre os concellos do seguinte xeito:

- A licitación de obra pública das entidades territoriais (concellos) asígnanse ao concello que realiza o gasto. Esta información está dispoñible no *Ministerio de Fomento* por tipoloxía de obras (estradas e vías urbanas, urbanizacións...) e o gasto dos concellos en infraestruturas reais está dispoñible nas liquidacións orzamentarias publicada polo *Ministerio de Hacienda*.
- O resto do valor engadido xerado distribúese por poboación, xa que se entende que se pode utilizar en beneficio do conxunto da poboación

4.3.6. Actividades financeiras e de seguros

Nas Contas económicas anuais temos tres ramas de actividade nesta sección da CNAE:

- **Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións.** A municipalización realízase en dous pasos. En primeiro lugar distribúese o VEB desta rama de actividade en cada unha das provincias galegas en función do volume de créditos e depósitos. Esta información é unha das poucas dispoñibles nas series estatísticas do Banco de España cun ámbito territorial diferente ao estatal. Unha vez distribuído por provincias municipalízase en dúas partes:
 - O 75% desagregouse utilizando as estimacións das rendas da propiedade obtidas na estatística da "Renda Municipal do Sector Fogares", en concreto as partidas intereses pagados e intereses percibidos.

- O 25% restante en función do número de oficinas por concello, información subministrada ao IGE directamente polo Banco de España.
- **Seguros, reaseguros e fondos de pensións¹⁴.** A produción de servizos de seguros estímase segundo o SEC-2010 en función do cálculo do servizo de seguro, que entendemos que non só ten que ver co emprazamento da unidade que presta o servizo, senón co lugar no que se atopa a unidade asegurada. Por este motivo, nesta rama combinamos o procedemento xeral (50% do VEB estimado na rama nas contas anuais) cunha desagregación municipal por poboación (50% restante).
- **Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros:** Nesta rama utilizouse o procedemento xeral para obter estimacións de VEB por concellos.

4.3.7. Actividades inmobiliarias

A estimación das estruturas municipais desta rama de actividade (división 68 da CNAE) modificouse na Revisión Estatística 2019, para facerse máis coherente coa propia estimación da rama nas contas anuais. Así, o punto de partida da estimación é dividir o VEB da rama en tres bloques:

- Alugueiro imputado: distribuímos o VEB coa estrutura da produción de alugueiro imputado por concello, utilizada na operación estatística "Renda Municipal do Sector Fogares. Revisión Estatística 2019"¹⁵.
- Alugueiro real entre fogares: Enténdese que neste caso o propietario do inmovible é un fogar que o aluga sen que esta sexa a súa actividade profesional. Para a estimación municipal optamos pola variable "*Rentas por arrendamiento de inmuebles de personas físicas*", que recolle os ingresos íntegros computables por inmovibles arrendados ou cedidos a terceiros e constitución ou cesión de dereitos ou facultades de uso ou desfrute sobre os mesmos. Esta información é subministrada ao IGE pola *Agencia Estatal de Administración Tributaria* (AEAT).
- Resto do alugueiro real: fai referencia a actividade de unidades institucionais que teñen como actividade principal algunha das delimitadas pola CNAE

¹⁴ Este método utilízase na estimación doutras ramas como as actividades asociativas, ou parte delas no caso de que a enquisa de servizos non cubra toda a actividade da rama, por exemplo as actividades culturais e deportivas e outros servizos persoais.

¹⁵ Pode consultarse a metodoloxía desta operación no seguinte enlace: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_Renda_municipal_R2019_gl.pdf

nesta división. Para a estimación municipal deste bloque utilízase o procedemento xeral.

4.3.8. Servizos de non mercado

A produción non de mercado é aquela subministrada a outras unidades de forma gratuíta ou a prezos non significativos¹⁶. Inclúe os servizos de administración pública e defensa, os servizos de seguridade social obrigatoria, os servizos públicos de educación, sanidade, servizos sociais, culturais e deportivos, así como as distintas actividades realizadas polas institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF)¹⁷. Polo tanto, os produtores de non mercado son os sectores institucionais administracións públicas e ISFLSF, con independencia de que realicen algunha produción secundaria de mercado.

A produción non de mercado valórase a partir dos custos totais de produción, é dicir, como suma dos consumos intermedios (servizos exteriores e aprovisionamentos, fundamentalmente), gastos de persoal, outros impostos netos ligados á produción e o excedente bruto de explotación¹⁸, que nestes sectores equivale ao consumo de capital fixo¹⁹. Polo tanto, o VEB como diferenza entre a produción e os consumos intermedios, equivale aos gastos de persoal máis o consumo de capital fixo e os outros impostos netos ligados á produción.

No caso das administracións públicas, os gastos de persoal representan aproximadamente o 81% do VEB, polo tanto o obxectivo no proceso de estimación do VEB municipal consistiu en poder distribuír os devanditos gastos por concello nas distintas ramas de actividade. Este criterio leva implícito que o consumo de capital fixo se reparte territorialmente do mesmo xeito que os gastos de persoal.

O procedemento e as fontes de información utilizadas detállanse a continuación para cada subsector da Administración Pública:

¹⁶ Enténdese que son prezos que teñen un efecto significativo sobre o volume de produtos que os produtores están dispostos a ofrecer e sobre o volume de produtos que os compradores estarían dispostos a adquirir. Para determinar se unha produción se vende a prezos economicamente significativos utilízase o criterio cuantitativo do 50%: para ser un produtor de mercado as vendas deben cubrir como mínimo o 50% dos custos.

¹⁷ Unha ISFLSF privada, se produce a prezos significativos, clasifícase institucionalmente no sector sociedades.

¹⁸ Na produción de non mercado, o excedente neto de explotación é 0.

¹⁹ O consumo de capital fixo representa o montante dos activos fixos consumidos durante un período contable, como resultado do desgaste .

Administración Central:

Parte da actividade da administración do Estado en Galicia está recollida nas memorias anuais da Delegación do Goberno. Recolle información para cada ministerio do persoal, gastos de persoal, ademais de gastos correntes e de capital.

A *Intervención General de la Administración del Estado* (IGAE) publica información para o total estatal por grupo de funcións da clasificación COFOG. Non difunde información deste subsector por Comunidade autónoma, polo que esta información rexionalízase nas estimacións das Contas económicas anuais. O traballo realizado para o PIB municipal consiste en conciliar unha información con certo detalle municipal (as Memorias da Delegación do Goberno), coa información de referencia para as Contas anuais (por función da administración pública, o que permite asignar unha rama de actividade a cada grupo de función). Esta información complementábase con outra máis específica para determinadas funcións:

- Unha das novidades nesta base contable é a información dispoñible por concello dos traballadores en alta laboral nas mutuas de funcionarios. Esta información, de carácter interno e recibida no IGE de cada mutualidade, utilízase para desagregar por concello cada bloque de función COFOG sempre que non teñamos información máis precisa.
- Información sobre a Relación de Postos de Traballo (RPT) do *Ministerio de Defensa*, así como información sobre o emprazamento das bases de armada, exército de terra e aire en Galicia.
- Información sobre os concellos nos que hai dependencias da garda civil e poboación de cada concello.

A Administración Central concentra a súa actividade na rama de actividade con CNAE 84. Esta comprende a administración xeral (de carácter executivo, lexislativo, financeiro, etc., a todos os niveis da administración) e a supervisión no ámbito da vida social e económica; as actividades de asuntos exteriores, defensa e orde público e seguridade e a seguridade social obrigatoria. No resto de ramas de actividade, en ausencia de información que reflecta de xeito máis preciso a actividade por concello, utilizaremos a distribución de empregos de MUFACE por concello.

Administración Autonómica

Trátase en varios bloques: Xunta de Galicia, Organismos Autónomos, Axencias, Entes, Sociedades Públicas e Outro tipo de entidades, así como as Universidades. Este tratamento é análogo ao realizado nas Contas anuais e baséase nos datos das liquidacións presupostarias de cada bloque.

a) *Rama 84: Administración Pública e defensa; seguridade social obrigatoria*: Unha das novidades desta edición é a dispoñibilidade de información de empregos na administración autonómica por concello de traballo. Esta información utilizouse xunto coa obtida das "Relacións de postos de traballo" (RPTs) difundidas no apartado de "Transparencia" da Xunta de Galicia. A combinación de ambas fontes permite aproximar a rama de actividade dos empregos de cada concellos, e permite detectar actividade da administración autonómica en concellos que non constaban explicitamente na liquidación de presupostos.

No caso dos Organismos Autónomos, Axencias, Entes e Outras entidades distribúese o dato de obrigas recoñecidas no capítulo I de gastos de persoal das liquidacións presupostarias territorialmente, en función da súa localización e, de ser o caso, do persoal estimado en cada delegación. Por outro lado, para os entes e sociedades públicas dispónse de información contable dos gastos de persoal de cada un deles, asignándose ao concello ou concellos onde realizan a súa actividade.

b) *Rama 85NM: Educación de non mercado*: Comprende tanto a educación de non mercado impartida polas diferentes institucións do sistema educativo regular, en todos os seus niveis, como a educación de non mercado de adultos, programas de alfabetización, cultural, deportiva, etc. Para a distribución municipal dos gastos de persoal en educación estimados a partir das liquidacións de orzamentos da Xunta, partimos da información proporcionada pola Consellería de Educación sobre o número de profesores en centros públicos de ensinanza non universitaria por concellos.

No caso das universidades, distribuíronse os gastos de persoal correspondentes ao persoal docente e administrativo por campus en función da distribución do persoal. Os gastos de persoal estimados en persoal investigador impútanse á

actividade de investigación e desenvolvemento de non mercado que se integra na rama 72.

c) *Rama 86NM Sanidade de non mercado.* A Administración autonómica concentra a meirande parte dos servizos de non mercado prestados polas Administracións públicas. Dentro da autonómica, o Sergas concentra estes servizos, polo que para a súa desagregación municipal utilizaremos as liquidacións de presupostos distinguindo entre gastos de persoal en Atención Primaria e en Atención Especializada. Para a distribución por concellos, no primeiro caso utilízase a información da Consellería de Sanidade de recursos humanos en atención primaria por concello, ponderando os mesmos en función da súa estrutura por categoría profesional (médico, ATS, fisioterapeuta, persoal administrativo, etc.). Esa estrutura aplícase aos gastos de persoal por xerencia de atención primaria. No caso da Atención Especializada, partimos da clasificación orgánica dos gastos de persoal, que se recollen para cada área sanitaria na liquidación de presupostos do Sergas e que se imputan aos concellos correspondentes.

d) *Rama 87_88NM Servizos sociais.* No caso da Xunta de Galicia, de xeito análogo á rama 84, utilizamos a información combinada dos empregos por concello e a explotación da RPT. Nesta rama de actividade, ademais, é relevante a actividade do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Para a distribución municipal da actividade deste organismo utilizamos a territorialización incluída nos orzamentos de cada ano.

e) Outras actividades de Non Mercado: no resto de actividades nas que a administración autonómica ten actividade utilizamos como clave de distribución territorial a explotación do emprego por concello e rama de actividade.

Administración Local

A fonte de información básica son as liquidacións dos orzamentos das entidades locais, que achegan información económica e por programas por concello. A *Secretaría General de Financiación Autonómica y Local* do *Ministerio de Hacienda* difunde unha base de datos con información presupostaria ao máximo nivel de desglose por entidade local. A explotación desta fonte de información permite

obter estimación do gasto de persoal por concello e rama de actividade, coherente coa estimación realizada nas Contas económicas anuais para o ámbito de Galicia.

Seguridade social

Nas Contas anuais temos estimado a actividade deste subsector na rama de actividade con CNAE 84. Para distribuír por concello, comezamos determinando en que concellos galegos hai centros de xestión e administración das prestacións do sistema da Seguridade Social (INSS) ou establecementos para a xestión de afiliación, cotización, recadación e pagos (TGSS). Unha vez determinada a presenza destes centros por concello, pondérase pola poboación de cada concello.

As institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF)

En determinadas ramas de actividade as ISFLSF producen servizos de non mercado. Dado que a cobertura no directorio non é exhaustiva no caso das ISFLSF²⁰, optouse por distribuír unha porcentaxe do VEB por poboación, asumindo o criterio de que parte dos seus servizos van dirixidos ao conxunto da poboación e que parte deses servizos xeran valor engadido en todo o territorio (actividades políticas, relixiosas, etc).

4.2.9. Outras ramas de actividade

Outras ramas de actividade cun tratamento específico polas súas características son:

- **Transporte por ferrocarril.** O reparto do VEB por concellos realizouse en función do número de viaxeiros por estación de ferrocarril. Esta información procede dunha petición a medida atendida por ADIF.
- **Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico.** O VEB da rama repártese por concello en función da distribución do número de afiliados ao réxime de empregados do fogar.

²⁰ Dada a natureza das ISFLSF, se estas non teñen emprego asalariado poden non figurar nas fontes coas que se elabora o directorio.

4.3. Estimación dos impostos netos sobre os produtos

En primeiro lugar hai que distinguir as diferentes partidas que conforman o agregado "impostos netos sobre os produtos":

- D211 Imposto do tipo valor engadido (IVE).
- D212 Impostos e dereitos sobre as importacións, excluído o IVE.
- D214 Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións e exportacións.
- D31 Subvencións aos produtos.

Imposto do tipo valor engadido (IVE)

O imposto cuantitativamente máis relevante é o IVE. Para asignar por concello este imposto en primeiro lugar determinouse que parte corresponde ao gasto en consumo final dos fogares e que parte corresponde ás operacións de consumo intermedio e formación bruta de capital. Esta información, de carácter interno, forma parte das estimacións das matrices de valoracións do Marco Input-Output de Galicia.

Para cada unha destas partes utilízase un criterio de territorialización diferente: no IVE xerado polo gasto en consumo final utilizáronse estimacións do gasto en consumo por concello, elaborados a partir dos datos da "*Encuesta de Presupuestos Familiares*" e os datos de poboación por concello. No IVE xerado polo investimento e os consumos intermedios utilizáronse as estimacións do VEB por rama de actividade.

Impostos e dereitos sobre as importacións, excluído o IVE

Ao igual que no caso do IVE, para asignar por concello este imposto en primeiro lugar determinouse que parte corresponde ao Gasto en consumo final dos fogares e que parte corresponde ás operacións de consumo intermedio coa información do Marco Input-Output de Galicia.

O bloque dos consumos intermedios repártese por concello en función das estimacións do VEB por rama de actividade. O bloque do gasto en consumo final repártese coa información xerada no apartado anterior (IVE).

Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións e exportacións

Neste grupo están os impostos especiais e sobre o consumo, os impostos de matriculación de automóbiles ou os impostos sobre primas de seguros, por exemplo.

Para asignar por concello os impostos especiais (alcohol, tabaco, electricidade e carburantes) en primeiro lugar utilizamos a información do Marco Input-Output relativa a que parte dos impostos gravan o consumo dos fogares e que parte gravan as operacións de consumo intermedio. Para territorializar os impostos especiais que gravan o consumo utilizamos unha estimación do consumo por concello nos produtos que sofren este imposto (alcohol, tabaco, electricidade e carburantes). No caso do imposto especial que grava o consumo intermedio utilizamos a distribución do VEB municipal en cada unha das ramas que sofre o imposto.

Para o resto de impostos buscamos un indicador que nos permita asignar concello a concello o importe do imposto. Así, no caso do imposto das matriculacións de vehículos utilízanse datos sobre matriculación de vehículos por concello; no caso do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados utilizamos información directa da liquidación do imposto; e no caso do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras utilizamos información do valor engadido da parte residencial da rama da construción.

Subvencións aos produtos

O punto de partida para a súa asignación municipal é de novo a información interna do Marco Input-Output. As subvencións aos produtos están moi concentradas en determinados produtos e para os efectos da súa distribución por concello establecemos catro bloques:

- Produtos primarios: distribúese por concello en función de variables coma o consumo en produtos alimenticios, VEB territorial da rama da agricultura e gandería, e VEB territorial das ramas que consumen este produto (ramas da industria alimentaria, especialmente).
- Produtos da silvicultura: distribúense por concello en función do VEB das industrias que usan como materia prima os aproveitamentos madeireiros (industria da madeira, papel e fabricación de mobles).
- Transporte: distribúense por concello en función do gasto en consumo final en servizos de transporte.
- Resto de produtos: distribúense por poboación do concello.

4.4. Diferenzas conceptuais entre o PIB e a renda dos fogares

O PIB é unha macromagnitude económica que resume o volume de actividade produtiva nun espazo económico nun período de tempo determinado. É o resultado dos procesos de produción de diversos axentes que operan en cada concello (empresas, fogares, administracións públicas, etc) producindo bens e servizos finais.

A renda dos fogares é unha magnitude económica que fai referencia só a un grupo de axentes (os fogares) e que mide a renda dispoñible, renda que procede tanto da participación no proceso produtivo (remuneración de asalariados ou rendas mixtas) coma dos procesos de redistribución da renda (a través da percepción de prestacións, pago de impostos e cotizacións sociais, e percepción e pagamento doutras transferencias correntes).

O IGE elabora a Renda dos Fogares Municipal na que se ofrece información das operacións de asignación, distribución e utilización da renda no ámbito do sector fogares. Esta operación permite estimar a renda dispoñible por concello para o sector fogares.

Táboa 3 Diferenzas conceptuais entre PIB e a Renda Dispoñible Bruta dos Fogares

SUCESIÓN DE CONTAS		Sociedades non financeiras	Institucións financeiras	Administracións públicas	Fogares	ISFLSF	AGREGADO
PRODUCCIÓN	Describe o proceso de produción da economía ou sector	X	X	X	X	X	PIB
DISTRIBUCIÓN PRIMARIA:	Xeración de renda derivada do proceso de produción e a súa distribución entre os factores de produción	X	X	X	X	X	
DISTRIBUCIÓN SECUNDARIA:	Redistribución da renda a través de transferencias (impostos, cotizacións sociais, prestacións sociais, etc.)	X	X	X	X	X	RENDA DISPOÑIBLE BRUTA

PIB MUNICIPAL: desagregación por concello do PIB

RENDA BRUTA DISPOÑIBLE DOS FOGARES: desagregación por concello da renda do sector fogares

A comparación de PIB por habitante e renda bruta dispoñible por habitante pón de manifesto diferenzas de orde e magnitude, e é conveniente ter claras as diferenzas metodolóxicas entre ambas operacións.

O PIB vai depender do emprazamento das unidades produtivas nun concello pero o desenvolvemento da súa actividade pode non ter reflexo claro na renda dos fogares. Exemplos claros terémolos naqueles concellos que xeran moito valor a partir da explotación de recursos enerxéticos (eólicos e hidráulicos) pouco intensivos en factor traballo. Eses concellos terán un PIB elevado pero non necesariamente unha renda dispoñible bruta dos fogares elevada.

Outro aspecto a considerar é que o PIB xérase no concello no que está emprazado o establecemento produtivo, pero a forza de traballo pode residir noutro concello. Eses traballadores xeran valor no concello da unidade produtiva pero a renda dispoñible corresponde ao concello no que residen. Un exemplo teríámolo nos concellos próximos ás cidades, como por exemplo Ames, Oleiros ou Teo, concellos que non destacan como xeradores de valor engadido pero si como concellos con elevada renda dispoñible.

5. DIFERENZAS ENTRE A REVISIÓN ESTATÍSTICA 2019 E A BASE 2010

A publicación do “Produto Interior Bruto Municipal. Revisión estatística 2019” é a adaptación das estimacións municipais e comarcais ao cambio de base contable. Esta publicación substitúe á anterior en base 2010 e garda coherencia co resto de operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia que elabora o IGE.

A motivación dun cambio de base é recoller tanto as melloras nas fontes de información como as melloras nos procedementos de estimación dun xeito sistemático e coherente. Para realizar estes cambios sen afectar á homoxeneidade e á comparabilidade temporal dos datos, deben introducirse nun momento de tempo determinado e revisar as series estatísticas.

A RE19 provocou que se revisasen as cifras das Contas económicas anuais e a translación destes cambios as estimacións municipais, xunto coas melloras nos procedementos de estimación (relatados nesta metodoloxía) provocan que os cambios na estimación do PIB dos concellos sexa relevante nalgún caso. A medida que o espazo económico ten menor tamaño, máis se ten unha estrutura produtiva pouco diversa, é probable que cambios estatísticos provoquen modificacións relevantes na estimación dos seus agregados económicos.

Podemos distinguir, para os efectos desta publicación, dous tipos de cambios provocados pola adaptación á RE19:

- 1) Cambios derivados de modificacións nas estimacións rexionais. Estes cambios foron explicados no seu momento nun documento que explica o cambio de base nas Contas económicas anuais²¹.
- 2) Cambios derivados de modificacións nos procesos de estimación municipal. Estes cambios son debidos ou ben á integración de nova información estatística ou a melloras nos procedementos de estimación municipal.

Os dous tipos de cambios afectan as estimacións municipais e cómpre destacar, tras análise da súa repercusión na estimación do PIB dos concellos, o seguinte:

²¹

Ver

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Nota_Revision_Estatistica_2019_gl.pdf

- A aplicación do procedemento xeral de estimación provoca unha mellora no emprazamento de determinados establecementos produtivos. No sector industrial na base 2010 dábaselle prioridade a *"Estadística Estructural de Empresas"*, mentres na Revisión estatística 2019 contrástase o emprazamento do establecemento cando menos co Directorio de empresas. No sector servizos, ocorre algo similar, e no caso das actividades das concesionarias de autopistas e autovías de Galicia, o procedemento xeral achega unha mellor territorialización. Neste caso falaríamos de cambios derivados de modificacións dos procesos de estimación municipal, e algúns dos concellos que se ven afectados por estes cambios son: Folgoso do Courel, Miño, Ponte Caldelas, Pontecesures, Lousame, Quiroga ou Valga.
- A homoxeneización dos criterios de estimación nas Contas económicas anuais, provocan cambios de base nalgunhas ramas de actividade para o total de Galicia e, polo tanto, revisións relevantes nas estimacións municipais. Na nota sobre o cambio de base cítanse o tratamento dos *Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding* e a nova estimación dos *Servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios*. Ambos cambios provocan revisións relevantes do seu nivel de actividade en concellos como Arteixo, Vilamarín, Negueira de Muñiz, Fornelos de Montes ou Paderne, por citar algúns exemplos.
No caso dos servizos de aluguer imputado os cambios son tanto nas estimacións rexionais totais como na súa distribución por concellos, e buscan a coherencia coas estimacións elaboradas para a Renda Municipal do Sector Fogares.
- A mellora na estimación municipal da produción vexetal, integrada na rama da agricultura e gandería, provoca revisións na municipalización que afectan a concellos como Vilamarín, Moeche, Bande, Esgos, Vilardevós, A Mezquita, Vilarmaior, Castrelo do Val, por citar algúns exemplos.
- A nova información para a estimación dos servizos de non mercado, en particular no caso das administracións públicas provoca cambios que afectan especialmente a concellos como Noia, Bande, Piñor ou Santiago de Compostela, por citar os máis significativos.

Outra das diferenzas con respecto á base anterior é a difusión. Nesta publicación amplíase o número de concellos para os que se ofrece información por sector económico. Ademais, no caso dalgunhas comarcas non se difunde información en determinadas agrupacións de actividade para salvagardar o segredo estatístico.

Tanto no caso da ampliación da difusión para os concellos, como na salvagarda do segredo estatístico, é clave a xeneralización do uso do método ascendente. Isto permite avaliar dun xeito máis preciso as unidades económicas que hai baixo cada estimación de resultados. No caso dalgunhas comarcas, a dinámica empresarial dos últimos anos reduciu o número de empresas en determinadas agrupacións de ramas. En todo caso, para cada comarca hai, cando menos unha distribución a nove ramas de actividade.

6. RETROPOLACIÓN DAS SERIES: 2010-2014

O cambio de base contable explicado na sección anterior centrouse no ano 2016, e o método de estimación aplícase para os anos seguintes. Para ofrecer ao usuario información homoxénea dos anos anteriores a 2016, utilizouse un método mixto:

- Nas ramas de actividade nas que non é posible replicar o método presentado nesta metodoloxía, apoiámonos nos datos xa difundidos en Base 2010 utilizando taxas de variación por rama de actividade, con axustes puntuais de información individual. Trátase fundamentalmente das ramas que utilizan o procedemento xeral.
- Nas ramas de actividade nas que foi posible replicar o método presentado nesta metodoloxía reestimáronse as series dos anos 2010, 2012 e 2014. Por exemplo, a agricultura, silvicultura, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, construción, actividades inmobiliarias ou actividades financeiras e seguros. Tamén se estimaron novamente as series dos impostos netos sobre os produtos.

7. DIFUSIÓN DE RESULTADOS

A difusión de resultados inclúe:

- Datos de Produto Interior Bruto total para os 314 concellos.
- Datos de Produto Interior Bruto total para as 53 comarcas.

- Distribución comarcal a 12 ramas de actividade en xeral, e cando menos 9 ramas de actividade no caso de detectar problemas de segredo estatístico. Véxase anexo I.
- Distribución municipal a 4 grandes ramas de actividade, para os concellos de máis de 10.000 habitantes.

ANEXO I Difusión sectorial

Ramas de actividade	Códigos CNAE 09 que se inclúen:	DIFUSIÓN PROVINCIAL E COMARCAL	DIFUSIÓN CONCELLOS DE MÁIS DE 10.000 HABITANTES
PRIMARIO	SECCIÓN A Ramas: 01-03	X	X
ENERXÍA E INDUSTRIA	SECCIÓN: B,C,D,E	X	X
Industria agroalimentaria	10-11	X	
Madeira, papel e mobles	16-17;31	X	
Industria extractiva e pesada	05-09, 13-15,18-33	X	
<i>Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos</i>	<i>05-09,23</i>	<i>X</i>	
<i>Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria</i>	<i>24-28</i>	<i>X</i>	
<i>Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais</i>	<i>29-30; 33</i>	<i>X</i>	
<i>Resto da industria</i>	<i>13-15; 18-22; 32</i>	<i>X</i>	
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	35-39	X	
CONSTRUCCIÓN	SECCIÓN F Ramas 41-43	X	X
SERVIZOS	SECCIÓN: G a T	X	X
Comercio, transporte e hostalería	45-56	X	
Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais	58-82	X	
Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos	84-97	X	